

Retribucións, atrasos, complementos→

Complementos; Función pública solicitou ao departamento a retirada do expediente e o inicio dun novo segundo as súas regras, que cambian dun departamento a outro. Desde CIG negámonos a retiralo, que sexa FP quen o denegue. Infórmase que é posible que vaia na próxima reunión da Comisión paritaria.

Incremento do 0,5%; como xa sabes isto require acordo do Consello de ministros e ministras e a súa posterior publicación no BOE.

Atrasos complementos;

Fogasa→ en xaneiro pagou atrasos e regularizou a contía.

SEPE→ en xaneiro pagou os atrasos e en febreiro regularizará a contía.

OEITSS→ en xaneiro pagou os atrasos e en febreiro regularizará a contía.

Produtividade→

Fogasa→ continúan cos pagos a conta sen ningún tipo de problema.

SEPE→ xa está solicitada a produtividade non consolidable como todos os anos.

OEITSS→ non teñen ningunha novidade que informar.

Concurso de traslados→

Anexo I 1ª fase 2025→ Finalizado o prazo de solicitudes de participación. Do noso ámbito publicáronse 30 postos e hai 10 solicitudes de persoal propio.

Anexo II 3ª fase 2024→ resollido definitivamente o catro de febreiro, adxudicáronse oito postos no SEPE.

Anexo II 1ª fase 2025→ xa se trasladou a Función pública a proposta de prazas pero non hai calendario previsto.

Cambio de réxime xurídico→

4G→ houbo un erro na publicación dos destinos, volverán publicala.

3G→ celebrouse o exame o 25 de xaneiro, presentándose o 75% de persoas rexistradas. Houbo sete solicitudes de participación no SEPE e unha no OEITSS.

2G-- seguen traballando para sacalo.

1G→ non teñen ningunha novidade.

Xubilación parcial, →

Xa se dispón da autorización para este ano, pero só ata o un de abril, data na que entran en vigor os cambios introducidos na norma, no tocante á contratación de relevistas. Polo que se tramitarán as xubilacións que teñan como data, de efectos, unha anterior ao un de abril. Logo estarase ao disposto por Función pública da que aínda non temos ningunha novidade, pero que terá que ditar instrucións únicas para o conxunto das administracións.

Contratación de relevistas en procesos de IT→

Realizouse unha petición a Función pública para a contratación dun relevista do Anexo II e esta, para a nosa sorpresa responde que non fai informes para este tipo de substitucións (relevistas para o Anexo II), tendo en conta que este informe é perceptivo e vinculante esta contestación vén supoñer que non se poderán realizar substitucións por IT para persoal deste anexo. Como solución ofrecen "*cubrir as necesidades mediante a reorganización do servizo*".